


EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS INDICADORES


Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI)

As emisións brutas de GEI medraron o 2,5% en 2022, debido a un maior consumo de combustíbeis fósiles, desviándose dunha traxectoria de redución de -65% en 2030 con respecto a 1990.



Consumo de enerxía final


O consumo de enerxía final (combustíbeis, calor, electricidade) baixou un 4,5% en 2022, ano marcado polos elevados prezos da enerxía a raíz da invasión da Ucraína, manténdose desde 2020 por debaixo dunha senda obxectivo de diminución de -50% en 2040 en comparación con 2019.



EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS INDICADORES

Renovábeis

A cota de enerxías renovábeis no consumo de enerxía final apenas aumentou en 2022, un crecemento claramente insuficiente para avanzarmos cara ao 70% en 2030.



Electrificación

En 2022 mantívose a tendencia á baixa na electrificación (peso da electricidade no consumo de enerxía final), chave para mellorar a eficiencia enerxética e reducir emisións. Urxe unha mudanza de rumbo.

